

## Oliver Laxe: «Gustaríame ter máis fillos e menos películas»

A rabia rebenta en poesía no filme «O que arde», que vén de triunfar en Cannes e vai camiño de San Sebastián. «Quero que a vida me supere», di o artista que oe o corazón dos Ancares

\*\*\*ANAABELENDA

**S**úa é a primeira película en galego que se proxecta, e gaña, en Cannes. *O que arde* propaga cara a dentro de nós a brutalidade do lume en Galicia, e o «lume interior» dun artista que gorece no seu cine un mundo que fala do que somos, en risco de se perder. «Son dese tipo de artistas que raia na obsesión compulsiva. Cando es moi perfeccionista, frústrate, porque a vida non é perfecta. E o cinema é a arte da imperfección. No meu corpo hai batallóns que se están enfrontando constantemente. Son un ser humano deste tempo, pero traballo coa eternidade», asegura Oliver Laxe (París, 1982). Tras *Todos vós sodes capitáns* e *Mimosas*, *O que arde*, epopea da xente do campo, vén de ser galardoada en Cannes co Premio do Xurado e vai cara a San Sebastián para proxectarse na sección Perlas. A estrea en Galicia e en España hai que agardala ata o 11 de outubro, pero ten numerosas salas galegas confirmadas.

—Como está levando este frenesí de percorrido de Cannes a Toronto, Nova York ou San Sebastián cunha peli para sentar e deixar fóra o ruído da cidade?

—É un pouco paradoxal, porque *O que arde* ten tamén moito ruído, non? Pero hai que acompañar este cine fráxil, sobre todo hoxe; facer o esforzo de que traballos esenciais se impongan a eses produtos audiovisuais que campan ás súas anchas, que buscan distraernos, excitarnos.


—A estrea en Francia foi o día 4. Séntese máis celebrado e acollido fóra da casa?

—Non, non... En Galicia sempre se me tratou moi ben. Estou moi agradecido. É difícil, porque o panorama audiovisual que había antes de que comezásemos a traballar era bastante desolador. Houbo que empezar de cero. Os públicos maltratáronse. Cebouse á xente. Hoxe, cando a xente ve un contido audiovisual, ten que estar excitada. Se non, non está cómoda. Eu quero resistirme a iso. Ás veces parece que un traballa para corrixir a irresponsabilidade doutros...

—Séntese así como cineasta?

—Mmm... Son unha persoa con ego, pero estou seguro de que hai algo nobre e de servizo no que fago.

—Ve moi acentuada a tendencia de vampirizar o espectador, de adormiñarnos meténdonos o vicio do «fast food» cultural?



FOTOS: MARCOS MÍGUEZ

—Sempre mo pareceu; o que pasa é que agora non quero ser moderado na forma de opinar. Sempre tiven un discurso de «Hai que convivir», que haxa un cine de mercado e un cine esencial. O problema é que ese cine de mercado non se financia do mercado, senón do Estado, e iso fai que as especies en perigo de extinción, coma nós, non nos poñamos a financiar. Eu non sei cantas pelis vou poder facer, con esta crise que hai de público. Ata se ve en Francia. Hai que «comer» ben, potenciar o bio cultural [risas].

—Non son diferentes o espectador, o mercado e o gusto francés aos nosos?

—Hai a mesma a decadencia. Cada vez vai menos xente a ver pelis de autor. Teño a sensación de que somos especies en perigo que vivimos nun parque natural. E creo que eses parques naturais te-

ñen que ter gardas forestais. O Estado ten que facelo, é fundamental. Porque a arte é o motor secreto da sociedade. E eu xa non quero ter ese discurso de «está ben que no parque natural haxa cazadores e especies en perigo de extinción».

—Deben desaparecer os «cazadores»?

«NO CAMPO SEMPRE  
HOUBO UN CONTRALUME  
NATURAL CONTRA A IDIOTEZ»


—Non, pero teñen que financiarse do mercado. E que haxa unha cinematografía sa. É unha pelexa constante. Cando vexo a deriva do mundo intento mirar o futuro. Non é un discurso nostálxico, eh, de «calquera tempo pasado foi mellor». É buscar a maneira de facer un mundo mellor.

Facer cine é imaxinar o mundo no que queres vivir.

—De que fala «O que arde», amais do drama dos incendios, que nesta peli son reais? Hai un lume físico que devora a paisaxe dos Ancares, e outro que é coma unha dentada interior.

—Aquí está o meu lume interior, que nace de certo desarraigo meu. O zume é sulfurado. É besta. Hai algo rabioso no meu cine e nesta peli, unha rabia de clase obreira. Eu son dionisiaco. A miña é unha sensibilidade que é moito do campo, pero tamén está estilizada. Hai nela dozura e amor. Supoño que está refinada. Son moi visceral, pero transcendo a miña rabia. Contróloa. *O que arde* non é unha película que busque culpables.

—É unha sensibilidade allea a uns tempos modelo antípoda, de «bo ou malo», sen intermedios e matices?



—Somos todos. Todos participamos da desestruturación do rural.

—**Fala dun mundo poderoso en perigo de perderse para sempre?**

—Sí, claro... Non é unha tese sobre que é o lume ou a piromanía, pero para min a orixe do problema é que non houberse nunca unha visión política do rural. A política destaca precisamente por ser pouco visionaria, curtopracista. Se ao éxodo rural lle sumas o cambio climático... O problema é que o rural non se coíde.

—**Que perderíamos se desaparecese a forma de vivir e saber do campo?**

—No campo sempre houbo un contralume natural contra a idiotexa. A natureza cando é forte, como en Galiza, fai que te sintas pequeno. E hai unha transmisión secreta que se dá, que se herda. No campo sénteste pequena, pero non hai estes medos da cidade, esta angustia, histeria.

—**Hai máis aceptación?**

—Hai. Sénteste pequena, pero aceptas que es pequena. Pero eu o campo non o idealizo. O rural está hoxe moi urbanizado; os valores da modernidade, e as atrofas conseguíntes, están no rural. O que se está a perder é esa sabedoría, eses valores ancestrais.

—**O saber de mulleres como Benedicta, a protagonista, na que vin á miña avoa.**

—Logo fixemos o noso traballo! A sabedoría de mulleres que saben da vida, que falan da morte, de desgrazas da vida, con desapego, con aceptación.

—**Benedicta é un espello dos seus avós?**

—Sí. Dos avós, dos pais. Miña nai aínda ten iso... *O que arde* é unha homenaxe á muller galega, que é libre a pesar de todo. E os homes tamén... Non é unha cuestión de xénero.

—**Pero son moi distintos na peli.**

—Sí, é que eu son esencialista. Considero que as mulleres están moito máis conectadas que os homes, e que teñen máis

capacidade de aceptación e desapego que os homes.

—**Tamén máis capacidade no amor? Benedicta actúa guiada polo amor.**

—Sí, pero Amador —o fillo de Benedicta— é moi feminino. Cantos de nós seríamos capaces de coídar das nosas nais de 85 anos?

—**El faino dende o silencio.**

—... Que é tan amoroso.

—**E rudo tamén.**

—Cando falo do feminino, ollo, non falo do xénero, senón da enerxía feminina e masculina no mundo. Paréceme que Amador é moito máis feminino que moitas mulleres, e que participa menos nesta masculinización, ou falocratización, do mundo, na que participan moitas mulleres.

—**A lingua, o galego, dálle outro tacto e gusto á película. Expresións como «Ti tes**

## «TOMAR O CAMIÑO DIFÍCIL TEN PREMIO, SON AS REGRAS DO MUNDO E DA BELEZA»

moito meco» recuperan sensacións coma a da tona nos beizos. Tesouros agochados na memoria. Por que esta escolla?

—É unha palabra dos Ancares. Alégrame que o saborees. *Meco* é unha palabra moi da miña familia. O galego é para min moi orgánico, natural. Como vou facer unha peli así e non en galego? É moi bonito como os públicos estranxeiros están descubriendo unha lingua nova. E din «Hostia, isto que é? Unha lingua!».

—**A paisaxe, con lume e á vez friaxe, vains engulindo en «O que arde», como os silencios, iso fai que cando sae unha palabra...**

—... resoe mais, non?

—**Canto varres e desbotas para iso?**

—Comeza na escritura. Quería facer unha película sinxela. As anteriores eran complexas; quería equilibralas. Cando escribo, é traballo de ir ao óso, á esencia. Non que-

ría facer unha película psicolóxica. Non me interesa a máscara, interésame a esencia. E tiven a sorte de atopar dúas persoas moi conectadas consigo. Moi habitadas.

—**Reffrese a Benedicta e Amador?**

—Sí. Hai un guión, pero deixo que improvisen. Esa frase de Benedicta cando está a falar co fillo, «E logo que viñeron, doutro planeta?», é dela. Está dicindo: «Que pasa, que porque veñan de fóra non son de aquí?». Traballo con xente do campo. Amador e Benedicta non viven no campo, pero hai neles ese eco. Benedicta ten 85 anos e vai vir a San Sebastián. É xenerosa. Cando traballas preto da vida, a vida fala, dáche regalos. Tomar o camiño difícil ten premio. Son as regras do mundo e da beleza. Os mellores froitos da árbore nunca están á distancia da man.

—**Tras dez anos en Marrocos, volve á casa.**

—Nunca marchei. Sempre pasei moitos meses nos Ancares, que é onde escribo. Sempre viaxei con Galiza.

—**Por que rodou na aldea da nai?**

—Porque traballo nos lugares nos que estou ben. Se o cineasta conecta coa súa esencia, vai haber unha reacción de espello coa xente. Todo o que está detrás da cámara acaba aparecendo nas imaxes. Nesa mes-

## «QUIXEN FACER UNHA HOMENAXE Á MULLER GALEGA, QUE É LIBRE A PESAR DE TODO»

ma aldea, Vilela, estou cun proxecto coa Unión Europea de granxa pedagóxica. No centro da morte do rural, imos intentar vivificalo. Será a miña base.

—**Onde lle levan os primeiros recordos?**

—Ao forno. O forno, a familia, o pan. Lémbrame de ver a miña avoa cun feixe na cabeza, mantendo o cesto en equilibrio. Imaxínate o impacto, vindo de París, como viñemos...! Teño 37 anos e escoitei o carro

tirado por animais. É un patrimonio inmaterial dunha riqueza extrema, que aínda nos habita. Eu agora vou vivir no campo, pero é un pouco ilusorio, porque vou seguir viaxando, pero sei que os meus referentes son os avós, eses campesiños. Gústame esa frase que di que o ser humano é un tren que vai por uns raís e non se pode desviar. O único que pode decidir é se quere ir en primeira, en segunda ou en terceira clase. Son determinista. Penso que se intentas remar contra a corrente vas sufrir máis. A xente do campo ía en primeira clase na súa sabedoría, non escapaba da vellez e a morte, coma nós. Hoxe queremos ser nenos permanentemente. Non falo de inocencia, senón de infantilismo.

—**Somos menos maduros como nais ou pais que os nosos pais?**

—A liberdade está na dispoñibilidade. A modernidade míntenos. Dinos que podemos ser bos pais, boa parella, viaxar e ter carreira... Non é posible. Hai que servir, estar ao servizo. É o amor. Eu... para que fago estas películas? É absurdo. Estou pedindo amor. O que teño que facer é querer máis á xente que me rodea. A min gustaríame ter máis nenos e menos películas. Quero que a vida me supere.

—**Podería vivir dun xeito convencional, vese así?**

—Hai un conto que fala dun tipo que sabía andar por enriba da auga, e lévaos a todos a comprobalo. Estaban o alcalde, os veciños, e chegou súa nai e díxolle: «Pero ti, por que non nadas coma

todo o mundo?». Buscamos normalidade.

—**O seu traballo é unha pregaria de amor?**

—Sí, pero tamén hai algo erótico que me empuxa a facer as pelis. Experimento moito pracer. Díxome un mestre: «Por 40 graos de dor, un de pracer». Pero cando chega ese momento de plenitude... uf. Se o traballo non fose duro, se non me mollase no que fago, o pracer de chegar á casa e quentarme ao lume tampouco sería igual.